** cando supoña un prexuízo para a seguridade vial (diminución de visibilidade, distracción para o condutor/conductora, ...) ou dificulte sensiblemente o tráfico de peóns.*

** cando supoña para a súa atención atravesar a calzada estando aberta ao tráfico (...)*

-punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Proposta-informe: aínda cumprindo co ancho mínimo que ten que ter a beirarrúa/rúa para a instalación de mesas e cadeiras sen que impida o tránsito de persoas, hai que ten en conta o punto 1. A terraza está situada ao outro lado da rúa, polo que ten que atravesar un vial (rúa Atranco) aberto ao tráfico para a súa atención".



Expediente 3181/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 3181/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.V.P.A., titular do DNI X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa A Paz, nº 10-esc. 2-3ºH-Cangas, para demolición de dúas paredes e pintado do solo da praza de garaxe sita na rúa A Paz, 10-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 19 de xuño 2018. O presuposto de execución material ascende a cento cincuenta euros (150,00 €).</p>	

Expediente 3161/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 3161/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.L.V.G., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa O Tobal, nº 6–San Roque-Cangas, para reparación da fachada lateral da edificación sita no referio lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación técnica redactada polo arquitecto J.R.L., de data 19 de xuño de 2018. O presuposto de execución material ascende a novecentos un euros con vinte céntimos (901,20 €).</p>	

Expediente 3288/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 3288/2018.- Dáse conta da comunicación previa presentada por M.N.O., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Parada, nº 12-Coiro, para construción de cerramento parcial de parcela sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 18 de xuño 2018. O presuposto de execución material ascende a cincocentos euros (500,00 €).</p>	

Expediente 3124/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 3124/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.R.B., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Outeiro, nº 43-Balea-Darbo, para cambio de tella de edificación sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico C.J.R. de data xuño de 2018. O presuposto de execución material ascende a seis mil corenta euros con vinte céntimos (6.040,20 €).</p> <p>Acéptase a renuncia ao valor expropiatorio das obras a realizar presentado en data xuño de</p>	



2018.

Expediente 1402/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1.402/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por C.L.G. para a construción dun cerramento no lugar de Escote, nº 28-Darbo, de conformidade coa documentación presentada, proxecto técnico de data xuño de 2018 elaborado polo arquitecto técnico F.M.L. (referencia catastral X). O presuposto de execución das obras ascende a mil once euros con setenta e cinco céntimos (1011,75 €).

Expediente 3140/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3140/2018.- Dáse conta da comunicación previa presentada por a COMUNIDADE PROPIETARIOS BARREIROS 5, titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Barreiros, nº 5-Cangas, para conservación de fachada en edificio sito no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente elaborada polo arquitecto técnico R.R.F. de data maio de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a tres mil cento corenta euros con oitenta e tres céntimos (3.140,83 €).

Expediente 2734/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2734/2018.- Dáse conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO MONTERO RÍOS, 18, titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Montero Ríos, nº 18-Cangas, para substitución de cuberta de edificación sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente elaborada polo arquitecto técnico J.P.Y. de marzo de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a sete mil oitocentos once euros con dez céntimos (7.811,10 €).

Expediente 2193/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 2193/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.P.G.P., para a instalación dunha caseta prefabricada para almacén de 19,95 m2., no lugar de Cunchido-Darbo, de conformidade coa documentación presentada (referencia catastral X). O presuposto de execución das obras ascende a dous mil trescentos setenta e catro euros con cinco céntimos (2.374,05 €).

A cesión de terreo para o vieiro efectuouse con data 6 de febreiro de 2012.

Expediente 3307/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3307/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por C.F.M., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Real, nº 64-5ºA/B-Cangas, para reparacións interiores de vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X e X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto técnico R.S.C. de data xuño 2018. O presuposto de execución material ascende a oito mil cento noventa e tres euros con vinte e catro céntimos (8.193,24 €).

Expediente 2598/2018. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2598/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "DÉCIMAS SLU", con enderezo a efectos de notificacións en Estrada Fuencarral, nº 44-Edif.9 Loft 18-Alcobendas-Madrid, co CIF nº X, para cambio de titularidade da actividade de venda de roupa deportiva no local sito en rúa Eduardo Vicenti, nº 4 (referencia catastral X), que ata agora rexentaba "Sport Street SL", vista acta de inspección favorable da arquitecta municipal do PEPRI de data 15 de xuño de 2018.

Expediente 7154/2017. Propostas da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local para transmisión de postos de venda ambulante

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE Nº 119 DOS MARTES E Nº 132 DOS VENRES

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 27.06.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a transmisión de posto nº 119 de venda ambulante dos martes e posto nº 132 de venda ambulante dos venres, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO

Concello de Cangas



LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE Nº 119 DOS MARTES E Nº 132 DOS VENRES

ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada 14.06.2018, A.P.B., con DNI Nº X e enderezo na rúa Canexa, nº 42-2º-Moaña, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de R.J.J., con DNI nº X, domiciliado no Barrio Torneiros, Fase 3, 2-2ºB, quen manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior acchégase da documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25.04.2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente R.J.J., con DNI X.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 119 do mercado dos martes e nº 132 do mercado dos venres, do que era titular A.P.B. a favor de R.J.J., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á concellería de desenvolvemento económico e emprego local, estatística e tesourería".

B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 168

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 27.06.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a transmisión de posto nº 168 de venda ambulante, que é como segue:



"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 168

ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada 19.06.2018 F.J.B., con DNI X, e enderezo no lugar de Paredes, nº 90-A-1ºD-Vilaboa, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de P.I.E.J., con DNI X, domiciliado en rúa Domingo Bueno, nº 8-3ºH, Porriño, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior achégase a documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25.04.2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente P.I.E.J., con DNI nº X.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local, con base ao disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 168 do mercado dos martes do que era titular F.J.B., a favor de P.I.E.J. adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como, á concellería de desenvolvemento económico e emprego local, estatística e tesourería".

C) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 113 DE VENDA AMBULANTE

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 27.06.2018 da concelleira de



desenvolvemento económico e emprego local, referente a transmisión de posto nº 113 de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 113

ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada 14.06.2018, P.G.C., con DNI X, e enderezo en rúa Concepción Arenal, nº 20-entrecán 12-Moaña, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de B.G.A.C.S., con tarxeta de residencia nº X, domiciliado en rúa Pino, nº 2-3ª-Vigo, quen manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior achégase a documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25.04.2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente B.G.A.C.S., con Tarxeta Residencia X.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 113 do mercado dos martes e venres do que era titular, P.G.C. a favor de B.G.A.C.S., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como, á Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, estatística e tesourería".

Expediente 3017/2017. Proposta da Alcaldía referente a custas derivadas da peza de taxación de custas nº 42/2017 derivada de execución de títulos xudiciais nº 42/2017,



monitorio nº 528/2015 (X-16/05) (Urxencia)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía do día 28.06.2018, referente a custas derivadas da peza de taxación de custas nº 42/2017 derivada de execución de títulos xudiciais nº 42/2017, monitorio nº 528/2015, que di o seguinte:</p> <p><i>"Visto o contido do Decreto de data 08.06.2018, con rexistro de entrada no Concello de Cangas nº 6900 do 13.06.2018, recaído na tramitación da peza de taxación de custas nº 42/2017 derivada da execución de títulos xudiciais nº 42/2017, seguido a instancia de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO XOIA no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Cangas, polo que se dispón:</i></p> <p><i>'Aprobar a taxación de custas practicadas neste proceso en data 11.09.2017, por importe de douscentos corenta e sete con noventa euros (247,90 €), a cuxo pago foi condenada a parte CONCELLO DE CANGAS".</i></p> <p><i>Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:</i></p> <p><i><u>Primeiro.-</u> Tomar coñecemento do Decreto de data 08.06.2018, recaído na tramitación da peza de taxación de custas nº 42/2017 derivada da execución de títulos xudiciais nº 42/2017, seguido a instancia de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO XOIA, no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Cangas.</i></p> <p><i><u>Segundo.-</u> Recoñecer a obriga e ordenar o pago por importe de por importe de douscentos corenta e sete con noventa euros (247,90 €) de custas, con cargo ao vixente orzamento de gastos.</i></p> <p><i><u>Terceiro.-</u> Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención, tesourería e apoio xurídico".</i></p>	

Expediente 3228/2018. Dación de conta de resolución da Alcaldía de aprobación de proxecto e solicitude de subvención do obradoiro de emprego "GRANXA DA RÚA VIII - MOCIDADE" (Urxencia)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno queda informada da resolución da Alcaldía de data 22.06.2018, referente a aprobación de proxecto e solicitude de subvención á Xunta de Galicia do OBRADOIRO DE EMPREGO "GRANXA DA RÚA VIII-MOCIDADE", que é como segue:</p> <p><i>"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA</i></p>	



Vista a proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, Ánxela Vizoso Marcos, relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a posta en marcha do OBRADOIRO DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA VIII-MOCIDADE', tramitada ao abeiro da Orde do 4 de maio de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento TR353B), con base nas atribucións conferidas pola lexislación vixente, especialmente o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local, modificada pola Lei 11/1999, de 21 de abril,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA VIII-MOCIDADE', de 6 meses de duración, con data máxima de inicio o 28 de setembro de 2018, coas características e especialidades formativas que a continuación se detallan, así como a achega por parte do Concello dun cofinanciamento destinado a sufragar parte dos materiais de obra e a prestación dos servizos (punto terceiro):

ESPECIALIDADES (CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE)	CÓDIGO	Nº ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS
ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO	SSCS0108	8
INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDINS E ZONAS VERDES	AGAO0208	8
		TOTAL: 16

SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia unha subvención para levar a cabo este proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA VIII-MOCIDADE', no que se impartirán as especialidades formativas antes citadas e nas que se desenvolverán as obras e servizos previstos na memoria formativa para un total de 16 alumnos/alumnas- traballadores/traballadoras (contrato para a formación e o aprendizaxe).

TERCEIRO.- Que unha vez que a Consellería de Economía, Emprego e Industria conceda a mencionada subvención, o Concello aporte, con cargo aos exercicios orzamentarios dos anos 2018 e 2019, os fondos necesarios para levar a cabo o mencionado proxecto e sufragar os custos non subvencionados, fundamentalmente os materiais necesarios para a execución das obras e a prestación dos servizos previstos, achegando un cofinanciamento municipal duns vinte mil cincocentos euros (20.500 €) que, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, poida ser distribuída nos dous exercicios orzamentarios nos que se execute o proxecto (2018-2019).

CUARTO.- Que se dea conta desta resolución na vindeira reunión da Xunta de Goberno Local que se realice".



Expediente 3227/2018. Dación de conta de resolución da Alcaldía de aprobación de proxecto e solicitude de subvención do obradoiro dual de emprego "GRANXA DA RÚA VIII" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno queda informada da resolución da Alcaldía de data 22.06.2018, referente a aprobación de proxecto e solicitude de subvención á Xunta de Galicia do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "GRANXA DA RÚA VIII", que é como segue:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, Ánxela Vizoso Marcos, relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a posta en marcha do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA VIII', tramitada ao abeiro da Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento TR353A), con base nas atribucións conferidas pola lexislación vixente, especialmente o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local, modificada pola Lei 11/1999, de 21 de abril,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o Proxecto do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA VIII', de 9 meses de duración, con data máxima de inicio o 28 de setembro de 2018, coas características e especialidades formativas que a continuación se detallan, así como a achega por parte do Concello dun cofinanciamento destinado a sufragar parte dos materiais de obra e a prestación dos servizos (punto terceiro):

ESPECIALIDADES (CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE)	CÓDIGO	Nº ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS
1) Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes e 2) Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas	1) AGAR0309 e 2) AGAR0208	10
Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural	SEAD0411	10
		TOTAL: 20

SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia unha subvención para levar a cabo este proxecto do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA VIII', no que se impartirán as especialidades formativas antes citadas e nas que se desenvolverán as obras e servizos previstos na memoria formativa para un total de 20 alumnos/alumnas -traballadores/traballadoras (contrato para a formación e o aprendizaxe).



Concello de Cangas

TERCEIRO.- Que unha vez que a Consellería de Economía, Emprego e Industria conceda a mencionada subvención, o Concello aporte, con cargo aos exercicios orzamentarios dos anos 2018 e 2019, os fondos necesarios para levar a cabo o mencionado proxecto e sufragar os custos non subvencionados, fundamentalmente os materiais necesarios para a execución das obras e a prestación dos servizos previstos, achegando un cofinanciamento municipal duns trinta mil euros (30.000 €) que, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, poida ser distribuída nos dous exercicios orzamentarios nos que se execute o proxecto (2018-2019).

CUARTO.- Que se dea conta desta resolución na vindeira reunión da Xunta de Goberno Local que se realice".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850